

A ESCOLA DA VIDA

Momentos de cambio

15.01.2011**JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO**

Empezamos un novo ano con propósito e desexos de que cambien a nosa vida, pero a rutina embárganos esas intencións. Alguén definiu o home como un animal de hábitos. Inventarse a un lévalle toda a vida e moitas veces o resultado non sempre é o esperado. A personalidade e o carácter están detrás de todas as nosas accións. O ambiente xera as circunstancias, pero cada un resólveas á súa maneira.

Hai xa algún tempo lin un libro titulado *Quen levou o meu queixo?* Nel propúñanse tres tipos de condutas. A primeira era a das persoas que ante unha situación que prevía un cambio a peor, saían dela na procura de novas perspectivas noutro lugar. A segunda era a das que só cando a situación se volvía crítica iniciaban un camiño novo. E a terceira era a daquelas que esperaban e esperaban por alguén que lles remediase o problema sen ter que dar un só paso. Xa saben, esperaban por Godot. No momento presente están a verse estes comportamentos ante a crise. Entre os primeiros atópanse os que, véndoa vir, fixeron as súas previsións e actuaron desde as institucións e as persoas para que esta non lles frease a súa progresión. Parece que os alemáns teñen esa capacidade de prever e renegociar o que veñen facendo para saír dos malos momentos, incluso mellorando as expectativas. Aquí temos o exemplo de Inditex, que fai como dicía aquel adaxio de que a infantaría nunca retrocede, dá media volta e segue avanzando. O caso é que en cada momento este tipo de persoas e institucións buscan as súas propias compoñendas para non ter que estancarse. Entre os segundos están os que saben do seu potencial pero prefiren esperar a que a cousa amaine, non vaiaer que os colla co paso cambiado e perdan o que xa conseguiron. Podemos pór de exemplo os que, vendo os problemas que lles ía presentar a nova lei sobre o tabaco, buscaron opcións novas ou readaptacións dos seus locais que lles permitisen manter a súa clientela e mesmo gañar máis mentres, os terceiros, os máis teimosos coas circunstancias, queren que estas non cambien e desgañítanse contra todo e contra todos.

A dificultade para cambiar é algo inherente a todos os seres, pero algúns asumen que a conservación da vida está en superar eses obstáculos, pois, que é a vida máis que toda unha serie de obstáculos salvables namentres non chega a insalvable morte?.